

# Concello de Mondariz

Expediente núm.: 924/2018

Memoria Justificativa

Procedemento: Contratacións

Interesado: \_\_\_\_\_

Data de iniciación: 19/12/2018

## MEMORIA XUSTIFICATIVA

### 1. Obxecto do contrato.

As obras que se pretenden contratar consisten na construción de dous tramos de colector de saneamento en Souto Alto, para completar dita rede e permitir que chegue a toda a extensión do Concello.

O primeiro tramo a executar é necesario para conectar o colector existente na PO-261, dándolle saída ás augas residuais ata o cruce que encamiña ó lugar de Paredes, no que xa existe un colector de recollida.

O segundo tramo se executará para poder conectar as tres únicas vivendas que quedarían sin conexión ó saneamento na zona de Souto Alto, unha vez completado o colector xeral de saneamento da PO-261.

### 2. Necesidade a satisfacer

Con esta obra se pretende mellorar o servizo que ofrece o Concello de Mondariz ós habitantes da zona de Souto Alto, completando a rede de saneamento demandada polos veciños desde fai tempo e cumprindo así co mandato recollido no artigo 26 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, respecto dos servizos de prestación obrigada.

### 3. Marco normativo

- Proxecto de Ordenación do Medio Rural de Mondariz, aprobado definitivamente polo pleno do Concello en sesión de 26 de febreiro de 1.999.
- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, con entrada en vigor o 19 de marzo de 2016.
- Decreto 462/1971 sobre Normas sobre a redacción de proxectos e Dirección de obras e Edificación, do Ministerio da Vivenda.
- Normas da Presidencia do Goberno, Ministerio de Vivenda, Ministerio de Obras Públicas e Xunta de Galicia.
- Lei 38/1999, do 5 de novembro, sobre Ordenación da edificación.
- Real Decreto 1627/1997, do 24 de xaneiro, polo que se establecen Disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción.
- Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade de Galicia.
- LEI 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais en Galicia.
- Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.

### 4. Análise Económica

#### a. Financiamento.

Mediante acordo plenario do Concello de Mondariz de 29/09/2018 foi aprobada a modificación presupostaria 37/2018 por crédito extraordinario 1/2018 a financiar con remanente de tesourería para gastos xerais, e publicado no BOPO nº 219 de 14 de novembro, polo que crean e se dotan de crédito a seguinte aplicación orzamentaria para financiar inversións financeiramente sostibles:

#### ESTADO DE GASTOS

Inversión Financeiramente Sostible	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE DO PROXECTO	IMPORTE DA MODIFICACION
--	----------------------------	------------------------	----------------------------



# Concello de Mondariz

SANEAMENTO SOUTO ALTO	EN	160.60901	52.132,17 €	52.132,17 €
-----------------------	----	-----------	-------------	-------------

## b. Valor Estimado

Valor estimado (sen IVE): 43.084,43 euros

### a. Orzamento base de licitación

Límite máximo de gasto, incluído IVE: 52.132,16 €

Formulación a prezo fixado.

Importe sen IVE: 43.084,43 €

IVE (21 %): 9.047,73 €

Total con IVE: 52.132,16 €

### b. Prezo

Sistema de determinación: Prezos unitarios sen revisión nin variación dos mesmos en función do cumprimento ou incumprimento de obxetivos de prazos ou de rendemento.

### e. Aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (con IVE)
2018	160.60901	52.132,16 €

Polo que para a execución do proxecto no presente exercicio, o crédito dispoñible será de 52.132,16 euros, financiado con cargo á aplicación orzamentaria: 160.60901

### f. Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Respecto da estabilidade orzamentaria, a presente actuación está financiada con fondos propios íntegramente, no 100 % do orzamento base de licitación (52.132,16 €), que se imputarán a Capítulo [6] do Orzamento de Gastos, e se encontra recollido na modificación orzamentaria tramitada ó efecto, polo que me remito ó informe sobre estabilidade orzamentaria redactado pola Intervención no expediente de modificación presupostaria 37/2018 por crédito extraordinario 1/2018 a financiar con remanente de tesourería para gastos xerais.

Respecto da sustentabilidade financeira é preciso sinalar que a mesma é posible xa que aínda que estamos ante a ampliación dunha instalación existente, esta ampliación non supón un incremento significativo nos custos de mantemento xa que serán en certa medida paliados polos ingresos procedentes dos impostos e taxas municipais abonadas polos novos usuarios. Así mesmo, estamos ante un servizo de prestación obrigatoria para o Concello de acordó co artigo 26 da lei 7/1985 de 2 de abril polo que se trata de custos previstos nos orzamentos municipais a nivel global (totalidade do saneamento municipal).

## 5. Análise do Procedemento

### a. Xustificación do procedemento

Se prevé a utilización do procedemento administrativo aberto simplificado tendo en conta o valor estimado do contrato, inferior a 2.000.000,00 € e a súa tramitación ordinaria.

De conformidade co establecido no punto 3 da Disposición Adicional décimo quinta da LCSP, a presentación de ofertas e solicitudes de participación se levará a cabo utilizando medios electrónicos, de conformidade cos requisitos establecidos na presente disposición adicional.



# Concello de Mondariz

---

## **b. Cualificación do contrato**

O presente contrato se configura como un contrato de obras de acordo co establecido no artigo 13 da Lei 9/2017 de contratos do sector público.

## **c. Análise de execución por lotes**

A xustificación de non dividir en lotes o obxecto do contrato por existir motivos válidos recollidos no art. 99.3 y 116.4 g) LCSP, en concreto, o feito de que, coa división en lotes se incrementarían os custos de execución pola existencia dunha pluralidade de contratistas e se perdería eficiencia, tal e como sinala o técnico redactor do proxecto no seu informe de data 16 de decembro de 2018.

## **d. Duración**

**Contrato de obras cunha duración de DOUS (2) MESES** a contar dende a expedición da acta de comprobación do reformulo.

O contratista poderá desenvolver os traballos con maior celeridade que a necesaria para efectuar as obras no prazo contractual, salvo que, a xuízo da dirección facultativa, existisen razóns para estimalo inconveniente.

A duración do contrato quedará condicionada á existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente en cada exercicio orzamentario.

## **e. Responsable do contrato.**

En aplicación do artigo 62.2 da lei 9/2017 que regula os Contratos do Sector Público, o responsable do contrato será o Director Facultativo das obras que será nomeado polo órgano de contratación, e lle corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e dictar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, dentro do ámbito de facultades que aqueles lle atribúan (art. 62.1.2 LCSP)

## **f. Órgano de contratación.**

O órgano de contratación deste contrato será o Alcalde en aplicación da disposición adicional segunda da LCSP por non superar o valor estimado do contrato o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento 2018.

## **6. Publicidade.**

A presente memoria débese publicar no perfil de contratante de acordó co artigo 63.3 a) da LCSP.

En Mondariz a 21 de decembro de 2018.

O ALCALDE (asinado electrónicamente).

